



## Glosario básico de termos do encaixe

**Acaparador:** Intermediario que merca os encaixes para revendelos.

**Alba:** Vestidura ou túnica de lenzo branco que os sacerdotes, diáconos e subdiáconos se poñen sobre o hábito e o amicto para celebrar oficios divinos.

**Almofada:** Ferramenta para elaborar o encaixe de bolillos.

**Amicto:** Lenzo fino e cadrado e cunha cruz no medio que se pon baixo o alba e sobre o lombo e os ombreiros do sacerdote oficiante dalgúns oficios divinos, o diácono e o subdiácono.

**Aplique:** Peza de encaixe ou bordado que se introduce ou incrusta nas prendas ou outros obxectos téxtiles para adorno.

**Blonda:** Encaixe realizado en seda negra ou branca. Utilízase nos nutridos ou no fondo.

**Bodoque:** Releve de forma redondeada que serve de adorno en labores de encaixe ou bordado.

**Bolillo:** Pequena peza cilíndrica de madeira na que se enrola o fío para realizar o encaixe.

**Cartón:** Material co que se fai o picado.

**Casulla:** Vestidura eclesiástica que se pon enriba das demais que se usan para celebrar a misa.

**Cofeta:** Cofía, tocado de encaixe utilizado nas imaxes sacras.

**Cornixal:** Lenzo que emprega o sacerdote para purificarse os dedos na misa.

**Corporal:** Lenzo que se estende, a modo de mantel, sobre o altar para poñer sobre el a hostia e o cáliz.

**Cos:** Prenda feminina similar ao corpiño.

**Encaixe:** Labor realizada con febras de diversos xéneros producindo tramados, retorcidos, enlazados, cruzados, etc., para cubrir superficies formando debuxos e calados.

**Entredós / Entredous:** Tira de encaixe, bordada ou de tapicería que se cose entre dúas teas.

**Labor:** Cantidade de encaixe que se fai nunha xornada. Tamén pode referirse a unha peza de encaixe enteira.

**Nutridos:** Partes dun encaixe que forman a decoración, opoñéndose ao fondo que é máis laso.

**Palillada o panillada:** Reunión de palilleiras para facer encaixe.

**Palillar o panillar:** Facer encaixe de bolillos.

**Palilleira o panilleira:** Véxase encaixeira.

**Palillo o panillo:** Véxase bolillo.

**Pasamanería:** Conxunto de adornos (galóns, trenciñas, cordóns, flocos, borlas, etc.) para guarnecer indumentaria, cortinas, mobles e outros obxectos.

**Picado:** Patrón para a elaboración do encaixe de bolillos.

Picadoira: Instrumento co que se fura o cartón para obter o picado.

**Picadora:** Persoa que elabora picados.

**Piques:** buratos que forman o picado e onde se colocan os alfinetes que guían e sosteñen a labor.

**Punta:** En varios lugares de España equivale a encaixe ou puntilla.

**Puntilla:** Encaixe estreito que se soe engadir e coser na beira dunha tea a modo de remate ornamental. Utilizada xenericamente pode equivaler a encaixe.

**Punto de España:** Encaixe de bolillos realizado con ouro e prata, aplicado á indumentaria cortesán, popular de gala, en pezas ornamentais de enxoval doméstico e en ornamentos sagrados litúrxicos.

**Renda:** Guarnición de encaixe, inicialmente á agulla, que se realizaba entre dúas teas. Tamén se denominaba así aos encaixes estreitos de bolillos.

**Rebozo:** Mantilla corta que usaban as mulleres. Cinguía a cabeza e caía sobre os ombreiros e o peito.

**Roquete:** Vestidura branca de lenzo fino, con mangas perdidas ou moi anchas, que levan sobre a sotana os eclesiásticos, e aínda os leigos que serven nas funcións de igrexa, e que chega desde o ombreiro ata máis ou menos a cintura.

**Torchón:** Xénero de encaixe de tipo popular que ten de fondo mallas conseguidas pola torsión das guías.

**Tratante:** Véxase acaparador.

**Vara:** Antiga medida de lonxitude que en Camariñas equivale a oitenta centímetros, utilizada polas palilleiras ata a adaptación ao sistema métrico decimal.

**Subela:** Véxase picadoira.